



ACSUG

AXENCIÀ para a CALIDADE do
SISTEMA UNIVERSITARIO de
GALICIA

ID MEC: 2500758

Nº EXPEDIENTE: 967/2009

**INFORME DE SEGUIMENTO
DO
PLAN DE VIABILIDADE**

DENOMINACIÓN DO TÍTULO		GRADUADO OU GRADUADA EN FILOSOFÍA
MENCIONES/ESPECIALIDADES		—
UNIVERSIDADE RESPONSABLE		UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA
CENTRO RESPONSABLE		FACULTADE DE FILOSOFÍA CAMPUS DE SANTIAGO
CENTRO/S ONDE SE IMPARTE O TÍTULO		FACULTADE DE FILOSOFÍA CAMPUS DE SANTIAGO
TÍTULO INTERUNIVERSITARIO	UNIVERSIDADE COORDINADORA	—
	UNIVERSIDADE/S PARTICIPANTE/S	—
RAMA DE COÑECEMENTO		ARTES E HUMANIDADES
NÚMERO TOTAL DE CRÉDITOS		240
PROFESIÓN REGULADA		NON
MODALIDADE DE IMPARTICIÓN		PRESENCIAL
ACREDITACIÓN EX ANTE (VERIFICACIÓN)		01/06/2009
CURSO DE IMPLANTACIÓN		2009/2010
RENOVACIÓN DA ACREDITACIÓN		—
INFORMES DE VIABILIDAD		03/06/2015

De acordo co establecido no artigo 12.3. da Orde do 20 de marzo de 2012 pola que se desenvolve o decreto 222/2011, con data 8 de febreiro, a Secretaría Xeral de Universidades remitiu á ACSUG a documentación correspondente ao **cumprimento dos obxectivos do Plan de Viabilidade do título de Graduado ou Graduada en Filosofía pola Universidade de Santiago de Compostela**.

Conforme ao establecido no artigo 14.4. do Decreto 222/2011, do 2 de decembro, polo que se regulan as ensinanzas universitarias oficiais no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, ACSUG procedeu á avaliación do cumprimento do Plan de Viabilidade do dito título.

A avaliación realizouse pola **Comisión de Avaliación de Plans de Viabilidade** formada por expertos do ámbito académico e profesionais. Os membros desta comisión foron nomeados pola CGIACA o día 8 de febreiro de 2017.

Este informe é o resultado da avaliación da documentación sobre o cumprimento dos obxectivos do Plan de Viabilidade, de anteriores informes de ACSUG sobre a viabilidade do título e da análise da media do número de alumnos de novo ingreso durante os tres últimos cursos académicos.

A Comisión de Avaliación, de forma colexiada, valorou toda a información dispoñible sobre o título e, de acordo cos criterios establecidos na xuntanza celebrada o 6 de marzo de 2017, emite un informe de avaliación en termos de:

- Favorable
- Desfavorable

Considerando os seguintes aspectos:

1. CUMPRIMENTO DOS OBXECTIVOS DO PLAN DE VIABILIDADE (2017)

Analizada a documentación aportada polo título e os informes de avaliación da ACSUG, pódese afirmar que **SE CUMPREN** os obxectivos do Plan de viabilidade, debido fundamentalmente a:

- ✓ **Incremento da matrícula de novo ingreso:** A matrícula experimentou un crecemento notable nos dous últimos cursos académicos, situándose por enriba dos cincuenta estudiantes, cumplindo co establecido no artigo 6 do Decreto 222/2011, de 2 de decembro, polo que se regulan as ensinanzas universitarias oficiais no ámbito da

Comunidade Autónoma de Galicia. Dos 39 alumnos de novo ingreso matriculados no curso 2013/2014, acadáronse un total de 51 alumnos no 2015/2016 e 56 no presente curso 2016/17.

Matriculados 2012-2013	Matriculados 2013-2014	Matriculados 2014-2015	Matriculados 2015-2016	Matriculados 2016-2017
58	40	39	53	57

- ✓ **Elaboración dun Plan de Melloras**, que se desenvolve a través de 9 accións, derivado do Informe de Viabilidade elaborado polo centro.

2. ÁREAS DE MELLORA PROPOSTAS NO INFORME DE VIABILIDADE DE 2015

- ✓ *Elaboración dun plan de captación de alumnos xa que o número de alumnos matriculados de novo ingreso descendeu nos últimos tres cursos académicos.*
- ✓ *Xustificación das taxas de graduación, abandono e eficiencia que se inclúen no plan de viabilidade, e análise e elaboración de accións de mellora concretas ante unha taxa de graduación do 40%.*
- ✓ *De persistiren os problemas de demanda, debería considerarse a posibilidade de unir a parte inicial do título con algún outro próximo que garantice suficiente nivel de interdisciplinariedade, un aporte suficiente de estudiantes e unha posibilidade real de mobilidade entre títulos da rama.*
- ✓ *Poñer en relación o plan de viabilidade co plan estratégico da USC.*
- ✓ *Ampliar a formación en TICs do profesorado para aumentar as actividades non presenciais dentro dalgúns das materias do título.*

O informe presentado recolle, con detalle, as actuacións levadas a cabo para a consecución de cada uns destes obxectivos, expostos no plan de viabilidade aprobado. Detállase en cada punto o seguimento do mesmo e incorpórase documentación adicional.

Como suxestión ao apartado onde se indica que se atendeu só parcialmente a demanda de conferencias no marco do programa A Ponte, debido á dispoñibilidade do profesorado. Entendendo que, efectivamente, pode resultar complicado para o profesorado atender esta demanda polos desprazamentos que implica, poderíase suxerir a impartición destas conferencias de modo non presencial.

Recoméndase seguir traballando nas liñas actuais co fin de afianzar a tendencia á alza na matrícula dos últimos anos garantindo, deste xeito, a viabilidade futura do Grao en Filosofía.

Santiago de Compostela, a 28 de xullo de 2017



José Eduardo López Pereira

Director ACSUG

Secretario CGIACA